

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2009.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

*Orde do 30 de outubro de 2009 pola que se autoriza o cambio de titularidade do centro privado Nebrija, do concello da Coruña.*

Examinado o expediente iniciado polo centro privado Nebrija, do concello da Coruña, en que solicita o cambio de titularidade do devandito centro.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado polo Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, quen o remite cos informes correspondentes.

Resultando que mediante escritura pública notarial, Concepción Fernández Vázquez cede a súa titularidade, para todos os efectos, a *Nebrija Torre de Hércules, S.L.*, aceptando esta a dita cesión.

Vistos o Decreto 133/1995, do 10 de maio, sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 que o desenvolve.

Considerando que se cumpriron neste expediente os requisitos exixidos pola normativa vixente nesta materia.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar o cambio de titularidade do centro privado Nebrija, do concello da Coruña, código 15004356, a favor de *Nebrija Torre de Hércules, S.L.*, con todos os dereitos e obrigas contraídas pola cesionista Concepción Fernández Vázquez, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen recaer sobre o anterior titular do centro por actos ou omisións realizados antes do cambio de titularidade

que se autoriza. O cambio de titularidade non afectará o réxime de funcionamento do centro.

Segundo.-Inscribir esta modificación no Rexistro de Centros dependente desta consellería.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2009.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Resolución do 4 de novembro de 2009 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 25 de maio do 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a fundacións, asociacións e institucións culturais para o seu funcionamento e realización de programas culturais.*

O artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece a obrigatoriedade de publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

En consecuencia,

#### RESOLVO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas con cargo á aplicación orzamentaria 47.04.432B.481.1.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2009.

Roberto Varela Fariña  
Conselleiro de Cultura e Turismo

## ANEXO

Exp.	Solicitante	Proxecto	Subvención
2009/000003	Asoc. Oo. IV Ciclo da Universidade de Santiago	Maiores activos 2009	860,94 €
2009/000005	A.D.A.F. y C. Club Doira	Encontros culturais galegos	990,08 €
2009/000006	Asociación Cultural Calakux	V Festival de Ioga	2.702,27 €
2009/000007	Fundación Ferias y Exposiciones Lugo	Salón do Cabalo Galego Equigal	9.362,72 €
2009/000008	Asociación Cultural As Minas	III festival As minas	4.842,79 €
2009/000009	Asociación Sodináutica	Exposicións itinerantes	624,18 €
2009/000010	Fundación Vicente Risco	Actividades fundación Vicente Risco	11.945,54 €
2009/000011	Asociación Cultural Piñeiróns	Unidade didáctica: o medio mariño na Illa de Ons	369,99 €
2009/000013	Fundación Curros Enríquez	Funcionamento da Casa dos Poetas	8.609,40 €
2009/000016	Asociación 3º Pé andar Criativo	IV Festival Galego de Cabaré	5.985,39 €
2009/000017	Asociación Galega de Estudos Sociais	Obradoiro xogos tradicionais	742,56 €
2009/000019	A. Ateneo Ferrolán	XIX concurso internacional de gaita galega consta	11.945,54 €
2009/000020	A. Textil de Galicia	Deseñando novos conceptos	2.824,96 €
2009/000021	Asociac. Cult. Coruñesa Negus	IX foundation reggae festival	8.006,06 €
2009/000023	F. Cuña-Casasbellas. Fabulario Novo Hipofania	V brumario poético 2009	2.728,67 €
2009/000026	A. Nacional de Percusionistas Omar	V curso de percusión e II festival de percusión	3.322,15 €
2009/000027	Fundación Araguaney	Libro 25 anos da fundación	5.145,46 €
2009/000028	Fundación Araguaney	Ciclo de cine árabe para cativos	1.205,27 €
2009/000029	Fundación Torre Pujales Museo Arte Contemporanea.	Actividades culturais 2009	10.331,28 €
2009/000030	Fundación Araguaney	Cadernos sobre o territorio	1.958,64 €
2009/000031	A.C. Banda de Música de Silleda	Activ. Dinamización cultural da banda de Silleda	1.129,98 €
2009/000032	A.C. Folclórica O Fiadeiro	Actividades culturais O Fiadeiro e funcionamento	8.904,07 €
2009/000033	Grupo Folklórico CD Virxe da Cela	Actividades culturais diversas	322,85 €
2009/000034	Fundación Araguaney	Dobraxo o galego documental Home	871,64 €
2009/000035	Fundación Clúster Conservación Productos Mar	Industria conservera: 75 anos de tradición e vangarda	4.998,36 €
2009/000036	Fundación Galiza Sempre	Galerías culturais. Festigal 09	5.854,39 €
2009/000037	Asoc. Artistas Plásticos Galegos	VIII feira das artes plásticas	6.667,69 €
2009/000038	Asociación Musical y Cultural Cantabile	Cantabileando 2009	2.066,26 €
2009/000039	Fundación Laxeiro	O Laxeiro descoñecido nas coleccións privadas	7.869,12 €
2009/000040	Asociación Cult. e Dep. do Porriño Arela	VI festival de Cans	4.842,79 €
2009/000041	Fundación Casa Museo-A Solaina-O Piloño	IX forxa literaria (encontros culturais no rural)	1.799,58 €
2009/000042	Asociación Universidade Rural Galega	Saberes de antes	6.109,77 €
2009/000045	Fundación Otero Pedrayo	Dinamización cultural galega a través da fop.	10.008,42 €
2009/000046	Fundación Luis Tilve	Curso: cuestión agraria e asociacionismo rural	6.553,90 €
2009/000047	Asociación Galega de Historiadores (AGH)	Murguía, revista galega de historia	2.668,91 €
2009/000049	A. Galega de Arte e Cultura Agaec	Xestación e xestión da arte	1.707,08 €
2009/000050	A. Galega de Arte e Cultura Agaec	II interarte no camiño	2.477,08 €
2009/000051	Asoc. Galega da Camelia	Tradución ao galego dun libro de camelias	2.179,25 €
2009/000054	Asoc. Cult. de Estudos Históricos de Galicia	Edición e distribución de Nalgures	1.404,41 €
2009/000061	Asoc. Galega da Lingua	Funcionamento e programa	12.914,10 €
2009/000062	Asociación Cultural Acrobacias Pop	Festival Lola Pop	3.712,43 €
2009/000066	MRP Asociación Socio-Pedagóxica Galega	XIX xornadas de lingua e literatura galegas	1.433,46 €
2009/000068	Coral Polifónica Follas Novas	Concertos Futurum Memoriae	7.612,86 €
2009/000069	Laboratorio de Colaboración Artística (LCA)	Roteiro creación 2009	9.233,58 €
2009/000070	Asociación Cultural Manicómicos	Festival manicómicos 7ª e 8ª edición	5.536,92 €
2009/000073	Grupo de Danzas Brincadeira	Roteiro de traxes tradicionais	1.762,67 €
2009/000074	Grupo de Danzas Brincadeira	Escola de baile, música e vestiario	7.565,22 €
2009/000075	Escena Galega	Xornadas teatro, asistencia a feiras	10.008,42 €
2009/000078	Asociación Cultural Coral Polifónica	Festival de corais	502,31 €
2009/000079	Asociación de Artesáns de A Pontenova	III feira artesanía e antigüidades	8.071,92 €
2009/000080	Asociación Cultural e Deportiva Os Fornos	III feira de artesanía e antigüidades	4.357,89 €
2009/000082	Asociación Arraianos	Programa cultural Asociación Arraianos	9.685,57 €
2009/000086	Club Gamboa	Conferencias semanais	774,85 €
2009/000098	Asociación Cultura e Xuventude de Barro	Festival de bandas	1.368,36 €
2009/000099	A. Teatral Aturuxo de Melpomene	Programa helpohene	1.271,50 €
2009/000100	Asoc. Oral de Galicia	Programa de regueifa	2.308,31 €
2009/000103	Asociación Luso Galega de Antropol. Aplicada	Proxecto bolboreta	7.552,87 €
2009/000105	Asociación de Gaiteiros Galegos	Dinamización da música tradicional galega	3.860,87 €
2009/000106	Federación de Autónomos de Galicia	Educando con música	8.717,01 €

Exp.	Solicitante	Proxecto	Subvención
2009/000110	Asociación Via Est Vita	Via est vita	2.711,96 €
2009/000112	A.C. Ti e Mais Eu Teatro	Programa de guiñol Espantallo amigo	2.451,66 €
2009/000113	Real Coro Toxos e Froles	Coñecemento do folclore histórico	18.306,54 €
2009/000114	Asociación Cultural Musical	Intercambio músico-cultural	1.379,23 €
2009/000115	Asociación Cultural Musical	X campamento musical de verán	3.542,34 €
2009/000116	Asociación Cultural Musical	II xornadas pedagóxicas	1.220,38 €
2009/000120	AGASE	Actividades 2009	8.071,31 €
2009/000121	Fundación Padroado Pedrón de Ouro	Premios Pedrón de Ouro	6.251,50 €
2009/000122	Fundación Sondeseu	Funcionamento da fundación	4.067,94 €
2009/000123	Asociación Cultural os Penoucos	Artenativa festival de música de Valga	1.747,78 €
2009/000125	Asociación Etnográfica de Codeseda	Proxecto didáctico	742,50 €
2009/000126	Cimo Entidade Prestadora de Servizos	Obradoiros socioculturais	1.468,98 €
2009/000128	Asociación Cultural A Meda	Intercambios culturais	3.099,38 €
2009/000131	Federación Galega de Grupos de Danza	Festivais de folclore tradicional	6.537,76 €
2009/000133	Federación Galega de Grupos de Danza	Congreso de folclore	4.358,51 €
2009/000135	Asoc. Fomento Form. o Empr. e Desenv. Rural	Difusión no ámbito rural de Galinux	2.290,10 €
2009/000144	Fundación Radio Ecça	Elaboración de proxectos programados por entidades	1.138,35 €
2009/000151	Asociación de Ceramistas de Pontevedra	XI curso internacional de cerámica contemporánea	4.089,46 €
2009/000154	Agrupación Musical do Rosal	Programación actividades 2009	6.513,49 €
2009/000155	Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais	Festival de intervencións culturais	7.264,18 €
2009/000159	Asoc. Cult. Hogar Musical da Coruña	Fomento e promoción da música e a súa cultura	1.404,41 €
2009/000160	Club Náutico Deportivo de Ribeira	Conferencia III certame a beleza da ría	150,66 €
Totais			369.998,98 €

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se declara de interese galego a Fundación Michel Salgado e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

Con data do 6 de agosto de 2009, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 29 de xullo de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se clasifica de interese social a *Fundación Michel Salgado*, adscribíndose á Consellería de Traballo e Benestar, departamento a que corresponde o exercicio das funcións de protectorado.

A fundación, segundo consta no artigo seis dos seus estatutos, ten por obxecto fins sociais con especial dedicación á infancia e aos colectivos máis desfavorecidos. O seu propósito fundamental é fomentar a igualdade de oportunidades á infancia, nenos, nenas e adolescentes en Galicia, abarcando varios ámbitos tales como:

Desenvolver actividades culturais e deportivas que fomenten a igualdade de nenos en xeral e, sobre todo, axudar especialmente aos pertencentes a colectivos desfavorecidos por problemas económicos, sociais, físicos ou psíquicos.

Fomentar a igualdade entre nenos e nenas promovendo a non discriminación por razón de sexo, raza, idade, cultura ou relixión e o respecto á diversidade a través de programas, proxectos e accións de cooperación nacional para o desenvolvemento.

Cooperación entre entidades sociais para unir esforzos no logro de obxectivos.

Por todo isto, en virtude das competencias que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade cos requisitos establecidos no artigo 47 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e demais normativa de xeral e pertinente aplicación, logo do informe favorable emitido con data do 2 de setembro de 2009 pola Asesoría Xurídica e do informe emitido con data do 7 de setembro de 2009 pola Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro do artigo 52.3º da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego,

### DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a *Fundación Michel Salgado*, ao cumpriren os seus estatutos as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da *Fundación Michel Salgado* no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Traballo e Benestar, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Terceiro.-A fundación cumprirá co disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e demais normativa de desenvolvemento e de xeral aplicación, en especial coa obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e coa ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos. Así mesmo, estará obrigada a presentar ao protectorado as contas anuais e xustificar a través da memoria anual o cumprimento da finalidade fundacional, así como a presentar un plan de actuación con anterioridade ao inicio de cada exercicio económico, en que queden reflectidos os obxectivos, as